



O CONGRESO PEDAGÓXICO LUCENSE DE 1923

Antonio Prado Gómez, doutor en Historia

Algúns antecedentes

Nos derradeiros anos do século XIX, e nun contexto de crise xeral do que non era alleo o espazo educativo, os rexeneracionistas —recollendo algúns principios da Institución Libre de Enseñanza— procurarían presentar o ensino como un dos problemas principais do país, denunciando a escasa atención que se lle concedía a este ámbito social en España e o feito de que esa deficiencia se traducira no baixo nivel do profesorado e na escasa entidade dos programas educativos que, por certo, cambiarían vertixinosamente nos últimos anos decimonónicos.

En 1900 creábase o Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes coa finalidade de darlle independencia ao sector docente (antes só era unha dirección xeral dentro doutros ministerios) e de permitir un mellor desenvolvemento do ensino público. Fronte a estas ideas, a Igrexa insistía en que a relixión fose incorporada como materia en todos os plans de estudo e procuraba non perder unhas herdadas prerrogativas que lle permitían manter unha extensa rede de centros por todo o país aos que acostumaban acudir os fillos dos grupos sociais máis acomodados. Mesmo o mapa educativo eclesiástico español se vería reforzado pola circunstancia da expulsión das ordes relixiosas francesas

que se dedicaban ao ensino, e que buscarían a España da Restauración como un dos países de asentamento preferente para os seus centros, xa que se trataba dun modelo político moi permisivo co mundo clerical.

Neses momentos calculábase que só estaba escolarizada a cuarta parte da poboación española en idade de selo, a maioría nun nivel primario que contaba cunhas trinta mil escolas mal dotadas, e nun nivel secundario que se impartía en sesenta institutos, centros que desde logo non eran suficientes para garantir un bo ensino de carácter público e laico. Sobre os profesores, unha pluma tan autorizada como a de Miguel de Unamuno denunciaba, en 1899, que ser profesor era un oficio, un modo de vivir e non unha auténtica profesión, e que había catedráticos (de universidade) que “*apenas leen*”. Se isto sucedía nos niveis máis salientes do ensino, habería que pensar o que sucedería nos graos máis elementais secundarios e primarios.

Outros males educativos que se detectaban a principios de século eran os do deficiente material escolar do que dispoñían a maioría dos centros, a ausencia dun ensino científico e pragmático, a desconsideración social que existía con respecto ao ensino e, mesmo, o defectuoso sistema de exames. O resultado era que España seguía sendo un país de analfabetos, situación que afectaba ao 50 % dos homes e ás tres cuartas partes das mulleres.

Os esforzos innovadores do primeiro terzo de século XX —dos rexeneracionistas, da Junta para Ampliación de Estudios, da Escuela Moderna, da Escuela Nueva ou do Instituto-Escuela— farían descender progresiva pero máis lentamente do desexable esas cifras, pero sen chegar a unha plena escolarización. En todo caso, malia o modesto crecemento do orzamento do ensino, os niveis educativos españois non podían compararse cos dos países máis desenvolvidos de Europa, en parte porque tampouco este ámbito permaneceu sosegado desde o punto de vista administrativo: entre 1902 e 1923 sucedéronse ata 53 ministros de Instrución Pública, rexistro evidente da intranquilidade que existía neste eido e que impedía asentar as reformas.

No nivel primario, que sería o de referencia no Congreso lucense de 1923 que nos ocupa, o problema non era tanto o número de escolas como as condicións en que se atopaban, pois a maioría delas estaban mal dotadas e moitas resultaban francamente miserables, como recordaba en 1929 para o noso contorno Luís Bello no seu libro *Viaje por las escuelas de Galicia* (Bello, 1929)¹. Ademais, o ciclo educativo era moi curto e apenas superaba os dez anos de idade, momento en que a maior parte dos fillos das familias traballadoras abandonaban os estudos para incorporarse ao mundo laboral. Tampouco era para eloxiar a formación dos mestres, xa que os poucos realmente preparados saían das Escolas Normais, centros que se asentaron con moitas dificultades, con poucos recursos e sen continuidade. O resultado era un corpo de docentes con escasa preparación, sen prestixio social e moi mal pagados, aínda que, ao dependeren do orzamento público desde 1902, puideron adquirir certa independencia profesional.

En todo caso, nas primeiras décadas do século XX a situación do ensino lucense era tan precaria como no resto do país e as iniciativas renovadoras que se presentaban, moi escasas. Unha delas tería lugar en outubro de 1915 cando, coincidindo coas festas locais da cidade, sexa posible escoitar en Lugo unha conferen-

cia de Rafael Altamira Crevea², exdirector de Primeiro Ensino e prestixioso pedagogo. A súa intervención, que sería aplaudida con entusiasmo, constituía o acto principal dunha festa escolar minuciosamente recollida pola prensa local³, que aludiría á afirmación do ilustre historiador de que era necesario superar o tradicional individualismo español e desenvolver un espírito nacional, e neste caso a escola cumpría un importante papel que Altamira complementaba coa alta valoración que lle ofrecía o oficio de mestre; o relator facía tamén unha serie de recomendacións pedagóxicas e morais e indicaba que a responsabilidade de mellorar o ensino lle correspondía ao Estado⁴. Nas mesmas sesións, o mestre Antonio Couceiro Freijomil, por entón en Lugo⁵, destacou o alto papel social que desempeñaba a escola e, así mesmo, o presidente do Círculo de las Artes que colaboraba nos festexos, Marcial Neira Martínez, aproveitou a ocasión para recordar a vocación pedagóxica da sociedade que dirixía e anunciar un proxecto de creación de cursos escolares.

² Rafael Altamira (1866-1951) foi un historiador e escritor vinculado á Institución Libre de Enseñanza e un dos intelectuais máis importantes da súa época. Entre outras cousas, foi director xeral de Ensino Primario e catedrático de Historia das Institucións Políticas e Cívicas de América da Universidade Central.

³ *La Idea Moderna* de 08-10-1915 p. 2, e *El Norte de Galicia* de 08-10-1915, pp. 1-3.

⁴ Para recompensar a súa participación, o Círculo nomearíao presidente honorario (Xunta Directiva, ses. do 09-02-1916).

⁵ Antonio Couceiro Freijomil (1888-1955) foi un mestre e inspector, ademais de erudito bibliógrafo, autor dun famoso *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Era tamén colaborador do diario *El Norte de Galicia*.

¹ Para unha cidade, neses momentos de 14.000 habitantes, recoñecía unha herdanza escolar mísera en que destacaba unha moi mal acondicionada escola graduada de catro clases sita no vello convento de San Domingos (Luís Bello, *Viaje por las escuelas de Galicia*, p. 87).




Fig. 1. Rafael Altamira Crevea.

Dous anos despois, no verán de 1917, a emblemática Sociedade lucense do Círculo de las Artes volvería prestar atención aos temas de ensino —como recomendaba o artigo 9 do seu regulamento— e promovería a creación de escolas e a organización de excursións escolares⁶.

Capítulo 2º. Del Círculo como Centro de Instrucción.

Art. 9º. La instrucción se difundirá proporcionando a los Socios periódicos, revistas, obras literarias y científicas y más publicaciones que formarán la Biblioteca.

Cuando se encuentre en condiciones de establecer clases de enseñanza, éstas se regirán por reglamentos especiales que aprobará la Junta General.

6 Xunta Directiva, ses. do 08-08-17. Todo o capítulo 2.º (arts. 9 ao 13) do Regulamento de 1915 dedicábase ao *Círculo como Centro de Instrucción*.

Pero estas iniciativas non eran as habituais, e a vida educativa lucense transitaba por camiños moi tradicionais que dalgún xeito pretendía romper o Congreso Pedagóxico que se organizaba para o mes de outubro de 1923.

Ben pouco antes, no mes de setembro, o xeneral Miguel Primo de Rivera impulsaba un golpe de Estado que acabaría co sistema parlamentario instalado desde había medio século, e impoñía no país un réxime autoritario que se prolongaría ata a chegada da II República en 1931. Era esta unha circunstancia que cumpría ter en conta para entender o contexto en que se desenvolvería o Congreso, porque evidentemente o condicionou.



Fig. 2. Directorio militar constituído o 15 de setembro de 1923.

A organización do Congreso Pedagóxico lucense

O golpe de Estado de Primo de Rivera supuxo importantes cambios na evolución do país, pero o profundo xiro político non impediría algunhas iniciativas educativas e unha delas tivo como escenario a cidade de Lugo. Na vella urbe romana promovíanse desde meses antes unhas xornadas pedagóxicas que se ían celebrar entre o 9 e o 12 de outubro de 1923 como colofón cultural das festas de San Froilán dese ano. Este Congreso, que se acompañou dun Certame Pedagóxico, desenvolveu as súas sesións alternativamente nos salóns da Deputación —edificio que acollía neses momentos o Instituto provincial— e do Círculo das Artes, que, como se comentou, era unha sociedade que tiña ben demostradas as súas preocupacións pedagóxicas. As dúas entidades amosaron desde o primeiro momen-

to a súa decidida colaboración nunha actividade que pretendía servir para propiciar reformas no sistema educativo, especialmente nos seus niveis iniciais, e tamén, en certo sentido, para estimular a vida da cidade coa chegada de numerosos congresistas e de relevantes pedagogos.



Fig. 3. a/b. Deputación Provincial e Círculo das Artes de Lugo a principios do século XX.

En efecto, a actividade educativa programada contou coa participación dalgúns dos docentes máis implicados por entón na renovación do ensino tanto de Lugo como de Galicia, ademais dalgunhas relevantes personalidades académicas e políticas de nivel nacional. De feito, como afirma o profesor Antón Costa (2004), a experiencia lucense foi antesala do Congreso Pedagóxico Rexional que se celebraría na Coruña tres anos despois e, polo tanto, supuxo un esforzo importante para unha renovación escolar que era tan necesaria neses momentos (Costa, 2004).

Os organizadores do Congreso decidiron dividir a actividade en catro seccións. A primeira dirixíraa o profesor da Escola Normal de Santiago Celestino Buján Suárez e o inspector xefe de Escolas de Lugo Luis Soto Menor. A segunda tivo como relatores o mestre de Foz Ramón Salgado Toimil e o de Ribadeo José Novo Rico, que era o presidente da Asociación de Mestres da provincia. As intervencións da terceira sección corron a cargo do mestre de Vilapedre (Vilalba) Jesús Silva de Castro, do mestre de Quiroga Santiago Prol e do avogado, e director do diario local *El Progreso*, Antonio de Cora Sabater. A cuarta sección, dun carácter claramente feminino, tería como relatoras as mestras de Navia de Suarna e da Escola Normal de Lugo, María Castrillón Subirat e Rosario Vila Calderón⁷.

A principal información documental que utilizaremos para seguir as vicisitudes do Congreso e do Certame Pedagóxico⁸ é a que proporciona a prensa local lucense, que daquela estaba representada por catro periódicos: *La Provincia*, un diario de carácter conservador, *El Progreso*, que se declaraba liberal, *La Voz de la Verdad*, portavoz das opinións eclesiásticas e defensor dos seus intereses, e *El Regional*, un xornal tamén liberal e de certo ton rexionalista, como recollía na súa cabeceira.

De todas estas publicacións, a que dedicou máis atención ao Congreso Pedagóxico foi o xornal *La Provincia*, que vivía o seu primeiro ano de existencia e se presentaba como continuador do desaparecido xornal, tamén conservador, *El Norte de Galicia*. A solícita atención que este diario dedicou ao evento educativo respondía á súa condición de *Diario de información y de intereses generales*, pero tamén a que o espírito conservador e moderado que predominou no Congreso sintonizaba

7 Lugo XX, 1923, p. 395.

8 O Certame Pedagóxico celebrábase o 7 de outubro en homenaxe a ilustres fillos de Lugo e organizábase cos seguintes temas e premios: 1.º Estudo crítico sobre os historiadores galegos do século XVII e en particular o doutor Pallares (500 pts.). 2.º Principios filosóficos de *Dios y la Naturaleza*, obra do doutor Castro (500 pts.). 3.º Premio de 250 pts. por calquera traballo histórico sobre Lugo non comprendido no *Romancero de la ciudad de Lugo* de Aureliano José Pereira. 4.º Premio de 250 pts. en memoria de Jesús Rodríguez López: poesía galega de tema festivo *que trate de cousas d'as mulleres*. Os traballos serían enviados ao director de *El Progreso* Antonio de Cora antes do 25 de setembro. Asinaban a convocatoria Manuel Amor Meilán, Juan B. Varela, Ramón Robles, José Vega Blanco e Antonio de Cora (*La Voz de la Verdad* do 02-08-1923 e *El Compostelano*, ano IV, n.º 1034 do 03-08-1923).

co do propio xornal. Así, advertía nas súas primeiras referencias que esta reunión partira dunha comisión de festexos que pretendeu complementar as festas locais do San Froilán do ano 1923 con tal acontecemento pedagóxico, que se concluíría, en principio, o día 12 de outubro dedicado á Festa da Raza. Para organizalo, creouse unha comisión especial que formarían o director do Instituto provincial Salvador Velayos González, o xefe da sección administrativa de Primeiro Ensino Nicolás Arias Andreu e o inspector xefe provincial Luis Soto Menor. Para a sesión de clausura pensábase xestionar a presenza dunha alta xerarquía do Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes ou dunha personalidade educativa recoñecida⁹.

Tampouco o diario *El Progreso* pasaría por alto a celebración que se proxectaba e á cal lle dedicaba un importante titular¹⁰ no que consideraba que o Congreso Pedagóxico sería o evento máis importante dos festexos locais que se estaban a anunciar. Non podía o cronista dar moitas noticias sobre a súa organización, agás a activa presenza nel da directora da Escola Normal Carmen Pardo Losada, pois as negociacións levábanse moi discretamente. Poucos días despois, volvería destacar o xornal liberal que tanto o Congreso como o Certame Pedagóxico se estaban preparando, e neste sentido recomendaba un aprazamento sen non era posible organizalos a conciencia, xa que o seu éxito significaba moito para a cidade¹¹.

En calquera caso, a principios de agosto¹² estaba organizado todo o perfil básico da convención educativa que se pretendía celebrar e que quedaba estruturada en catro seccións temáticas:

- Paidoloxía e pedagogía de anormais.
- O mestre e a escola.
- Educación da muller.
- Pedagoxía social e cuestións xerais.

En cada unha das seccións especificábanse os seis temas que se ían tratar e incluía-se un regulamento dividido en 11 artigos onde se concretaban, entre outras cousas, os días do evento —9, 10, 11 e 12 de outubro—, as catro seccións que incluía, os requisitos para a presentación de traballos escritos, os vinte minutos de que dispoñería cada relator, a distinción dos membros do Congreso entre protectores (corporacións) e de número (particulares) diferenciados polas súas achegas respectivas de 20 e de 5 pts., e as indicacións para a inscrición, que podería facerse ata o 1 de outubro na secretaría da Escola Normal de Lugo, xa que a súa directora era a secretaria oficial do Congreso. As indicadas achegas económicas supoñían unha forma de financiar a actividade, aínda que desde logo non serían suficientes, polo que se solicitarían outros apoios. Ademais, advertíase que se consideraría como relatorio do Estatuto xeral do Maxisterio o traballo premiado no Certame Pedagóxico que se celebraba en paralelo, e tamén se especificaban os nomes dos membros que compoñían a comisión organizadora:

Presidente: Ángel de la Vega y Ugarte, catedrático de Ciencias Naturais e vicedirector do Instituto provincial.

Secretario xeral: Luis Soto Menor, inspector xefe.

Secretaria do Congreso: Carmen Pardo Losada, directora da Escola Normal de Mestras.

Vicesecretario: José del Peso, inspector

Secretaria do Certame: Carmen de la Torre, inspectora.

Vicesecretario: Nicolás Arias Andreu, xefe administrativo.

Vogais: Carlos Pardo Pallín (presidente da comisión de festexos) e Juan Encinar García (mestre en Lugo).

O éxito da proposta foi evidente, e tampouco faltaron apoios de fóra da provincia, como o do Concello da Coruña, que decidía inscribirse como protector¹³, e os membros da Deputación de Pontevedra que apoiarían economicamente o Congreso lucense con 90 pts., ademais de ofrecerem a participación persoal do director da

Escola Normal pontevedresa Prudencio Landín Tobío, a quen se lle brindara a presidencia dunha das seccións. A Deputación de Ourense respondería no mesmo sentido, polo que pode dicirse que todas as provincias galegas colaboraron dalgunha forma coa lucense.



Fig. 4. Prudencio Landín Tobío.

Tamén as inscricións comezaron rapidamente, impulsadas polas iniciais que facían loxicamente os membros das comisións do Congreso Pedagóxico implicados nel dunha maneira directa¹⁴. Así mesmo, anunciaba a súa asistencia a directora da Escola Normal coruñesa Mercedes Tella Comas, a quen acompañaría a tamén directora do grupo escolar Da Guarda María Barbeito Cerviño, asistencias ás cales o Concello da Coruña correspondía inscribíndose como entidade protectora, mentres que o anunciaban así mesmo outros concellos da provincia e numerosos particulares¹⁵. Da mesma maneira, foron chegando peticións solicitando información desde poboacións tan distantes como Sevilla ou Huelva¹⁶.

Dentro da provincia de Lugo, diversas entidades locais como a Cámara do Comercio — que presidía Jesús Bal Roca— interesárianse polo desenvolvemento da reunión e inscribíanse como protectores. En canto aos políticos, responderon como era costume, ofrecendo premios para o Certame Pedagóxico, e iso foi o que fixeron os deputados por Lugo e Ribadeo Joaquín Quiroga Espín e Ramón Bustelo González. No caso dos concellos, as adhesións foron múltiples, encabezadas polo municipio de Outeiro de Rei, que foi o primeiro en apuntarse como protector.

O feito é que ao longo do mes de setembro foron sucedéndose as inscricións de interesados desde distintas localidades da provincia, fundamentalmente mestres, pero tamén médicos, avogados, propietarios ou funcionarios. Pola súa parte, o ministro de Instrución Pública Joaquín Salvatella Gisbert decidiu declarar oficial o Congreso lucense —o que supoñía dar permiso de asistencia a todos os profesionais do ensino— e concedeu unha subvención para que, de maneira simultánea, se celebrase na cidade un curso de perfeccionamento para mestres¹⁷. Pola súa parte, a Comisión Provincial da Deputación, que presidía o deputado Juan Donapetry Iribarnegaray, decidiu conceder ao Congreso unha subvención de 500 pts¹⁸.

9 *La Provincia* do 20-07-1923.

10 *El Progreso* do 28-07-1923.

11 *El Progreso* do 03-08-1923.

12 *La Provincia* do 04-08-1923. *El Progreso* daba conta tamén da organización en seccións, pero cunha información máis tardía e breve que a que ofrecía *La Provincia* (*El Progreso* de 15-08-1923).

13 *La Provincia* do 21-08-1923.

14 *La Provincia* do 23-08-1923. *El Progreso* do 21-08 e 23-08-1923. Segundo *El Progreso* do 25-08-1923 a primeira entidade en inscribirse foi a Cámara de Comercio de Lugo.

15 *La Provincia* do 24-08-1923. *El Progreso* do 24-08-1923.

16 *La Provincia* do 25-08-1923. *El Progreso* do 25-08-1923.

17 *La Provincia* do 31-08, 02-09 e 05-09-1923. *Ibidem.* *El Progreso* do 02-09, 04-09, 05-09, 13-09-1923. Joaquín Salvatella Gisbert foi ministro de Instrución Pública desde o 7 de decembro de 1922 ata o 15 de setembro de 1923. Cando se celebra o Congreso, xa era ministro o seu sucesor, Alfonso Pérez Gómez-Nieva, que se mantería no cargo ata o 21 de decembro de 1925. *Ibidem.* *El Progreso* do 31-08-1923.

18 *La Provincia* do 28-09-1923 e *El Progreso* do 30-09-1923.



Fig. 5. Joaquín Salvatella, ministro de Instrucción Pública.

Tamén se inscribirían como entidades protectoras a Comunidade de Franciscanos e o Casino lucense, ao mesmo tempo que se sucedían as subscricións de congresistas non só de Lugo, senón tamén doutras provincias galegas, os envíos de traballos para o Certame e os abonos que se achegaban desde diversos concellos. Porén, como estas axudas eran insuficientes para cubrir os gastos, procurouse conseguir subvencións e colaboracións mediante peticións e entrevistas con deputados como Gerardo Doval Rodríguez Formoso, José Soto Reguera ou Gabino Bugallal Araújo¹⁹.

A mediados de setembro, empezáronse a recibir os traballos que se presentaban ao Certame Pedagóxico. Mentres, a organización conseguía que aceptasen a presidencia de tres das seccións os directores das Escolas Normais de Pontevedra (Prudencio Landín Tobío), Santiago (Ramón Aramburo Abad) e A Coruña (Mercedes Tella Comas). A cuarta presidenta de sección sería a mestra da Escola Normal coruñesa Consuelo Barberá Cachaza.

19 *La Provincia* d 04-09, 05-09 e 18-09-1923. *El Progreso* do 19-09-1923 coa aceptación de Gabino Bugallal do seu nomeamento como congresista de honra.

O desenvolvemento do Congreso

O golpe de Estado que protagonizaba o xeneral Miguel Primo de Rivera o día 13 de setembro afectou dunha maneira explícita á organización do Congreso, de tal forma que os seus responsables, para prever calquera posible continxencia por parte dunha Administración que se anunciaba rigorosa, visitarían o coronel Joaquín Tovalina Basabré —nomeado gobernador de Lugo polo Directorio Militar—, quen lles notificou que non se permitiría evento cultural ningún mentres subsistise o estado de guerra que se declarara tras o pronunciamento, sempre e cando non se recibise unha orde especial da superioridade noutro sentido, posto que o señor Tovalina entendía que o estado de excepción existente prohibía todas as reunións de calquera carácter. Polo tanto, os organizadores víronse obrigados a realizaren as xestións necesarias ante o Directorio Militar para garantir a celebración dun xa perfilado Congreso e, confiando nunha positiva resolución, non paralizaron o proceso de inscricións nin a recepción dos apoios de entidades protectoras, así como tampouco a admisión de traballos para o Certame²⁰.

O permiso por parte das autoridades primorriveristas debeu de concederse de inmediato, xa que poucos días despois o periódico conservador *La Provincia* publicaba o programa completo de festexos do San Froilán onde figuraban como corolario os actos do Congreso²¹. Segundo esa referencia, o evento educativo iniciárase ás 12 da mañá do día 9 de outubro cun discurso de José Soto Reguera²², seguido dun concerto na Praza Maior, e remataría o día 13 ás 11 da mañá cun discurso de Gerardo Doval, que sería presidido —e controlado— por unha autoridade académica neses momentos indeterminada. Destacábase dun xeito particular a pretendida intervención de Luis de Zulueta como mantedor do Certame Pedagóxico que se iniciaría o día 12, pero non parece que o destacado intelectual catalán acudise finalmente²³. Polas referencias

20 *La Provincia* do 22-09 e 23-09-1923 e *El Progreso* do 15-09, 18-09, 19-09, 20-09, 22-09, 29-09, 30-09 e 02-10-1923.

21 *La Provincia* de 27-09-1923. *Ibidem*. *El Progreso* do 01-09 e 27-09-1923.

22 O deputado por Viveiro xa aceptara o ofrecemento no mes anterior (*El Progreso* do 18-09-1923).

23 Luis de Zulueta y Escolano (1878-1964) foi profesor, escritor e político dentro do Partido Reformista, ademais dun relevante membro da intelectualidade española no primeiro terzo do século XX.

que recollería o xornal *La Provincia*, deducimos que, durante os días de celebración do Congreso, foron concretándose algunhas outras circunstancias como a da asistencia do reitor santiagués á cerimonia de inauguración co fin de presidila²⁴.

No número de *La Provincia* do 10 de outubro comentábase a formalidade inaugural que se celebrou no salón principal do Círculo das Artes. Na mesa presidencial figuraban o xeneral xefe da Comandancia de Enxeñeiros Braulio Alvarellos como representante do Directorio Militar, o coronel gobernador Tovalina, os presidentes da Deputación —José Benito Pardo Rodríguez—, da Cámara de Comercio —Jesús Bal y Roca— e do Círculo das Artes —Antonio de Cora Sabater—, o bispo Plácido Ángel Rey Lemos, o alcalde de Lugo Manuel Roca Varela, e o avogado e político José Soto Reguera, que se encargaría do discurso inaugural, ademais dos membros da comisión organizadora²⁵. A secretaria do Congreso, Carmen Pardo Losada leu a Memoria (*vid. Apéndice*), onde explicaba a orixe da reunión que se estaba a inaugurar, a importancia social da escola, os temas que se incluían en cada unha das seccións e remataba co agradecemento dirixido a todos os que fixeran posible a celebración do Congreso.




Fig. 6. Salón do Círculo das Artes, escenario da sesión inaugural do Congreso (Fondo fotográfico Círculo das Artes, ca. 1912).

24 *La Provincia* do 09-10-1923.

25 José Soto Reguera (1881-1953) era fillo de Teolindo Soto y Barro, un notario que fora presidente do Círculo das Artes lucense nos anos oitenta do século anterior. Afín ao Partido Liberal e a Unión Patriótica, ocupou diversos cargos políticos, entre eles o de deputado por Lugo e Viveiro, e foi presidente do Ateneo de Madrid entre 1926 e 1930.

No seu discurso, Soto Reguera comentou a situación do ensino destacando o valor social e a importancia que tiña para o futuro do país. Analizou os problemas da ensinanza desde o punto de vista individual, social e económico e salientou a importancia da cultura á cal se accedía pola educación e de aí a súa profunda significación. Advertía que, nos últimos tempos, en España se procurou a dignificación do mestre e a mellora da escola, pero quedaba “todavía mucho que hacer”; e a este labor había que dedicarlle un interese preferente. Os modelos a imitar ofrecíanos países como Inglaterra, Francia, Bélxica e mesmo Alemaña, que, a pesar da “hecatombe” que acababa de sufrir (a derrota na I Guerra Mundial), seguía sendo un referente educativo; ata as repúblicas americanas eran bos exemplos para imitar se se tiñan en conta as infraestruturas e acondicionamentos de que dispoñían as súas escolas. Na opinión de Soto Reguera, ao mestre era preciso elevalo ao nivel de funcionario do Estado e procurar así que ao Maxisterio acudise o máis selecto das clases medias, que así poderían consideralo un obxectivo profesional. O deputado remataba a súa intervención cun optimista canto á xuventude, que era a garantía “de un glorioso porvenir para España”. Tras os acostumados aplausos ao orador, o Congreso pasou a constituír as catro seccións en que se organizaba²⁶. No mesmo número do periódico ofrecíase a formación das mesas das catro seccións e as primeiras actividades que se desenvolverían, recalcándose así mesmo o éxito dun Congreso que supoñía a chegada a Lugo non só de educadores, senón de moitas outras persoas interesadas nos asuntos do ensino.

26 *La Provincia* do 10-10-1923.



Fig. 7. José Soto Reguera.

No número seguinte de *La Provincia*²⁷, comentábanse diversas intervencións, como a da mestra Parga Serrano, que disertou sobre a educación da muller, ou a de Salgado Toimil sobre os medios para elevar o nivel cultural e profesional dos mestres, charla en que recordou o terror que inspiraban os sistemas das antigas escolas (a letra con sangue entra) e non se esqueceu de reclamar unhas retribucións decorosas para os docentes. Nas conclusións destas exposicións o inspector-xefe Luis Soto Menor demandou unha actividade menos burocrática e máis pedagóxica para un corpo de inspectores que ademais requiría dispoñer dun inmediato Estatuto. Tamén se recomendaba a creación de escolas-modelo en cada provincia cun profesorado estritamente seleccionado e a participación do Maxisterio en ámbitos administrativos e políticos onde fose útil a súa competencia²⁸.

27 *La Provincia* do 12-10-1923.

28 Sobre Luis Soto Menor pode consultarse o libro biográfico de Seijas Soto, María Dolores, *El maestro de Zain*.



Fig. 8. Luis Soto Menor.

Nas sesións vespertinas dese mesmo día puido escoitarse a disertación da mestra de Vilalba Celestina Buján, na cal trataba de responder a por que e para que xogaba o neno. Así mesmo, leuse un estudo do doutor Marcelino Ramírez sobre a psicoloxía do neno tuberculoso e, como corolario das actividades dese día, presentouse o ditame do xurado do Certame Pedagóxico en cada un dos catro temas propostos.

Na mañá do día 13, e tras a presentación nos salóns da Deputación do último relatorio que correu a cargo do mestre Rodríguez Chao sobre a educación primaria na familia, a sede do Congreso trasladouse ao Círculo das Artes para proceder á clausura. O acto estivo presidido polo reitor compostelán Luis Blanco Rivero²⁹, a quen acompañaron o presidente da Deputación, o da Cámara de Comercio, o alcalde, o gobernador e diversas representacións do Instituto provincial, da Escola Normal, da comisión organizadora e doutras entidades.

29 Luis Blanco Rivero (1877-1942) foi reitor da Universidade de Santiago entre 1921 e 1930. Catedrático de Anatomía, desempeñou tamén o cargo de alcalde de Santiago entre 1914-1917. Sisto Edreira, Rafael ([2012]), "Luis Blanco Rivero", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura:18/06/2021] [URL:<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=323>]

A continuación, a inspectora Carmen de la Torre procedeu a abrir as plicas dos traballos premiados no Certame Pedagóxico. No primeiro lema, que quedou deserto, recibiu un accésit o mestre bilbaíno Bonifacio Arrabal e unha mención honorífica o administrativo onubense Antonio Moya Escribano. No segundo lema, o premio de 500 pts. foi para Felipe Castiella Santafé, mestre de Haro (Logroño), recibindo mención honorífica Juan José Hernández, xefe administrativo de Valladolid. No terceiro lema foi galardoado o mestre de Foz Ramón Salgado Toimil, que, ao converterse no único galego premiado, recibiu unha particular ovación³⁰. O cuarto lema quedou deserto.



Fig. 9. Ramón Salgado Toimil.

Tomou logo a palabra o médico e periodista Ramón Fernández Mato, que, apremado polo pouco tempo de que dispuxera para preparar a súa intervención, a iniciou recordando a relación que tiveran co ensino algúns persoeiros da literatura universal como Víctor Hugo, Tolstoi, Dickens ou Tagore. Máis preto de Galicia quedaban as destacadas contribucións de Gabriel y

30 Ramón Salgado Toimil (1883-1942) foi un mestre lucense da escola de Fondós en Foz moi recoñecido profesionalmente polo seu coñecemento das novidades pedagóxicas do seu tempo e pola súa actividade en defensa do Maxisterio. Tamén colaborou cos periódicos locais *La Voz de la Verdad* e *El Progreso*.

Galán ou Noriega Varela, ao mesmo tempo que o relator tributaba unha homenaxe de admiración a Giner de los Ríos e ao sacerdote Andrés Manjón, este último falecido uns meses antes³¹, todo isto sen esquecerse de evocar o labor dos cataláns Eugenio d'Ors e Juan Palau Mayor. Fernández Mato afirmaba que "El Congreso lucense marca un momento dinámico en la vida cultural española" e que o problema fundamental seguía sendo o denunciado por Joaquín Costa: escola e despena. Non dubidaba en poñer como exemplo de eficacia educativa a que exemplificaba no caso ruso, onde, triunfante a revolución soviética, se pasou en tres anos dun cadro docente de 5.000 a 170.000 mestres.



Fig. 10. Ramón Fernández Mato.

Para rematar o acto, a secretaria do Congreso Carmen Pardo Losada leu a Memoria onde se recollían as súas conclusións, intervención que se complementou cunhas axeitadas palabras do avogado Gerardo Doval en que afirmou, entre outras cousas, que "la pedagogía es nervio, vida de la democracia" e que os problemas da escola eran máis importantes que os problemas económicos do proletariado, xa que lle permitirían abrir ao fillo do obreiro as portas do instituto e da universi-

31 O sacerdote e pedagogo Andrés Manjón y Manjón (1843-1923) morrera no mes de xullo anterior en Granada. Foi un claro defensor das escolas cristiás e un crítico acérrimo das laicas.

dade e dende alí mellorar as súas posibilidades vitais. Para o avogado e político noiés, o fogar e a escola forxaban os homes, pero na súa opinión os anos de vida escolar eran insuficientes, e entendía que “En Lugo, centro y entraña de Galicia, ha comenzado el renacer pedagógico en nuestra patria”, algo que o Directorio recente formado apoiaría sen dúbida acollendo as conclusións do Congreso e promovendo así que o Maxisterio galego renacese³².

O reitor santiagués Blanco Rivero, máxima autoridade académica do distrito, pechou o acto felicitando os organizadores e todos os colaboraran no Congreso, que, ao seu entender, fora o mellor dos desenvolvidos ata esa data polo Maxisterio español, tanto polo número de asistentes —que superaron os 500— como pola altura e transcendencia das conclusións.



Fig. 11. Luis Blanco Rivero.

No acostumado remate de toda celebración, reuníronse nun banquete servido polo Hotel Méndez Núñez ao que asistiron relatores, autoridades, a comisión organizadora e representantes da prensa e de diversas entidades, falando no brinde os señores Vega, Mato, Do-

val, Charfolé, Cora, Aramburo e Soto Menor, que deu as grazas en nome dos mestres e dos rapaces. Por iniciativa do reitor, entoouse o himno da Universidade e déronse vivas a España, a Santiago e a Lugo³³.

Outro diario local, *El Progreso*, tampouco descoidaría o seguimento das sesións do Congreso e do Certame, advertindo no seu número de 9 de outubro sobre a secuencia dos actos, que estarían presididos, en representación do Directorio Militar, polo xeneral en xefe da VIII Rexión Braulio Alvarellos, ao que acompañarían as autoridades locais, celebrándose a continuación a conferencia inaugural de Soto Reguera. En números seguintes do xornal³⁴ daríase unha ampla información do desenvolvemento das sesións, pormenorizando a identificación das autoridades administrativas, relixiosas e militares asistentes, e pasando a comentar logo as intervencións do xeneral Alvarellos, de Carmen Pardo Losada e de José Soto Reguera, todas elas moi aplaudidas. Informaba tamén o diario sobre a composición de cada unha das catro seccións que presidían respectivamente os señores Celestino Buján, da Escola Normal de Santiago; Bella Subirá, inspector na Coruña; Consuelo Barberá, profesora da Escola Normal da Coruña; e Ramón Aramburo, da Escola Normal de Santiago, indicándose que relatores actuarían en cada unha delas. Como pode lerse, non coinciden plenamente estes nomes cos que ofrecía o diario *La Provincia* como previsibles presidentes, xa que naquela relación figuraban Aramburo e Barberá, mais non Celestino Buján nin Bella Subirá, senón Prudencio Landín e Mercedes Tella, polo que hai que deducir que os dous diarios lucenses tiñan diferentes informadores ou que un falaba dos que estaban previstos e outro dos que participaran en realidade.

No número de 12 de outubro, *El Progreso* rexistraba certas aclaracións, algunhas moi significativas, como a de que José del Peso se viu obrigado a rectificar a súa alusión sobre que a Institución Libre de Enseñanza era a única entidade xusta da súa clase, xa que algúns asistentes entendían que había outros organismos merecedores dese cualificativo, ou polo asunto con que concluíu a sección terceira —ante unha moción de Dolores Parga Serrano— de que a muller tiña dereito e

capacidade para a instrución e estaba obrigada a recibir polo papel que lle correspondía na sociedade, tema que abriría varias intervencións sobre os medios para conseguir ese obxectivo feminista.

Unha particular atención concedeuse á formación do profesorado —por alento do inspector de escolas de Lugo José del Peso Sevillano—, propoñéndose neste sentido unha maior especialización, bolsas para ampliar estudos no estranxeiro, crear internados para alumnos de Escolas Normais nas provincias, refundir as Normais de ambos os sexos e mesmo as Normais e os Institutos, darlle á carreira de Maxisterio rango universitario creando facultades de Pedagogía, e mellorar os salarios dos docentes e proporcionarlles o prestixio social que merecía a súa elevada función. Pola súa parte, o mestre de Foz Ramón Salgado Toimil insistiu na idea da necesaria formación e actualización dos mestres, na supresión da Escola Superior de Maxisterio, que debía ser substituída por unha Facultade de Pedagogía en cada Universidade, en que a Inspección educativa fose menos burocrática e máis pedagóxica, en que se creasen en cada provincia escolas-modelo, e en que se concedese ao Maxisterio primario dereitos políticos, representación no Senado e influencia nas esferas de educación popular, propostas todas elas dun acreditado docente autóctono que foron recibidas con calorosos aplausos.

Houbo tamén interesantes intervencións do mestre señor Tévar, da profesora de Escola Normal de Lugo Rosario Vila, quen presentou un traballo sobre o ensino da Xeografía onde se primaba o concepto de rexión natural sobre o de rexión política que, polo seu interese, decidiu imprimirse e repartirse; outro sobre os xogos infantís nas escolas da mestra Celestina Buján; e unha memoria, xa citada, do doutor Ramírez sobre a incidencia da tuberculose nos nenos que tamén foi impresa e repartida.

Nas referencias dese mesmo día dábbase conta da resolución do xurado sobre os traballos presentados ao Certame, resolución en que o tema primeiro quedou deserto, concedéndose un accésit ao lema *Amor y esperanza* e unha mención honorífica a *Alma de mi alma*. No segundo tema, o premio foi para o lema *Amore socio, vía segura* e unha mención honorífica para *Hágase tu voluntad*. No terceiro tema o premiado foi *¡Terra a nosa!* O cuarto tema quedou deserto.

El Progreso do 13 de outubro de 1923 ofrecía o resumo da reunión das seccións do Congreso Pedagóxico onde se chegou a algunhas interesantes conclusións. Na primeira sección destacouuse que as escolas de párvulos, rexidas sempre por mestras, se estableceran en todos os municipios e en todas as poboacións como escolas de nenos, pero non se ofrecían centros de nenas. Na segunda, discutiuse a proposición de Celestino Buján de que a construción de escolas nacionais debería ser responsabilidade dos concellos, manifestándose tamén a opción de que o responsable fose o Estado. Así mesmo, debateuse a proposta de Gerardo Doval sobre a responsabilidade criminal dos menores, e un alienista, o doutor Ricardo Núñez³⁵, leu un traballo sobre a educación de anormais. Antes de pechar as reunións das distintas comisións, decidiuse que o próximo Congreso se celebraría na Coruña, clausurándose o lucense ás catro da tarde no salón rexio do Círculo das Artes.

Precisamente a esa sesión de clausura dedicábase o seguinte número do periódico en que se resaltaba a solemnidade do acto³⁶. Foi presidido polo reitor, o gobernador Tovalina, o presidente do Congreso Pedagóxico e outras personalidades políticas e académicas, e comezou pola lectura da Memoria do Certame que fixo a inspectora Carmen de la Torre e pola entrega de premios aos mellores traballos, como xa mencionamos antes. No discurso de Fernández Mato, destacábase a súa alusión a que o analfabetismo era campo de cultivo do caciquismo, o que constituía unha das afirmacións máis críticas do Congreso. Logo, tras a lectura da Memoria por parte de Carmen Pardo Losada, pechouse o acto co discurso do exdeputado Gerardo Doval, que eloxiou o labor do mestre e recordou as conclusións a que se chegara no Congreso, entre elas as que facían referencia a promover a cultura da muller, para rematar a súa intervención cunha optimista visión do porvir de España.

32 Gerardo Doval Rodríguez Formoso (1863-1940) foi deputado polo Partido Liberal e en 1926 formaría parte da directiva do Ateneo de Madrid que presidía José Soto Reguera, quen tamén participou no Congreso impartindo a conferencia inaugural.

33 *La Provincia* do 14-10-1923. Días despois, o propio reitor encargárase de enviar ao Ministerio as conclusións do Congreso (*La Provincia* de 28-10-1923).

34 *El Progreso* do 10-10 e 12-10-1923.

35 Ricardo Núñez Rodríguez (1862-1958) foi un atípico psiquiatra que rexentou en Vilapedre (Sarria) un manicomio privado entre 1910 e 1950. Home moi filantrópico e preocupado polo ensino, contribuíu a fundar escolas por toda a zona sarriá da que era oriúndo.

36 *El Progreso* do 14-10-1923.



Fig. 12. Gerardo Doval Rodríguez Formoso.

Ás nove da noite dese mesmo día, celebrouse o xa mencionado banquete no hotel Méndez Núñez en obsequio aos que fixeran posible o evento, con asistencia do reitor, autoridades, comisión organizadora, relatores e outros colaboradores. Nel houbo breves intervencións de Vega y Ugarte, Fernández Mato, Doval, Blanco Rivero, Tovalina, Cora, Charfolé, Aramburo e Soto Menor, rematando a reunión ás doce da noite.

O Congreso lucense tería algunhas puntuais secuelas que o recordaron. Dun xeito particular a través do diario *El Progreso*³⁷, onde o inspector José del Peso publicaría unha resposta a un comentario anterior aparecido no periódico *El Ideal Gallego* sobre a reunión pedagóxica que tivera lugar en Lugo³⁸. O inspector non estaba de acordo co xornal coruñés nas súas críticas ao Congreso lucense en que alegaba precipitacións

37 *El Progreso* do 26-10-1923. O escrito de José del Peso levaba data do día anterior.

38 Este periódico publicara no seu número do 25 de outono, pp. 4 e 5, un denso comentario sobre o Congreso lucense, explicando os seus antecedentes, desenvolvemento, discursos, clausura, conclusións (ata 50) e as consideracións e comentarios que motivarían as respostas. Todo isto no contexto de estudar os problemas educativos de Galicia e coa intención de axudar a preparar o seguinte Congreso que se ía celebrar na Coruña.

na súa organización e no seu desenvolvemento, e nas cales denunciaba unha excesiva benevolencia coas interrupcións producidas nalgúns sesións. Sobre a acusación de que se pretendía facer un panexírico da Institución Libre de Enseñanza —algo que lle competía de xeito directo ao señor del Peso—, o inspector xustificaba a idoneidade desa referencia nun Congreso Pedagóxico. Así mesmo, defendía o ambiente de igualdade e liberdade que predominou en todos os actos en que non se aceptaron coaccións de ningún tipo, e advertía que as intervencións dos integrantes da comisión organizadora había que entendelas como decisións oportunas para enriquecer os debates e non como interrupcións.

No mesmo periódico lucense aparecía ao día seguinte outro escrito asinado polo subdirector de *El Ideal Gallego* José de Santiago y Charfolé³⁹, cuxa intervención no Congreso fora cuestionada por algúns inspectores. O profesor Charfolé pretendía defender os comentarios vertidos no periódico coruñés, advertindo que José del Peso desviara as críticas a un terreo persoal. Recordaba que o mesmo señor que apoiou dun xeito tan singular a Institución Libre de Enseñanza reprobando outros centros e persoas da cultura se viu obrigado a rectificar as súas palabras; de feito, moitos congresistas deducían delas a íntima conexión que a ILE tiña coa Junta para Ampliación de Estudios, un organismo que concedía pensións para o estranxeiro⁴⁰. Criticábase, así mesmo, o excesivo intervencionismo dos inspectores de Lugo, e o propio del Peso o recoñecía indirectamente cando afirmaba que na última sesión de noite acordaran evitar esas intervencións, o que demostraba que foran inoportunas nas sesións anteriores. Acompañaba o escrito do subdirector de *El Ideal Gallego* outro de

39 *El Progreso* do 27-10-1923. José María de Santiago y Charfolé (n. 1887) era catedrático de Latín do Instituto provincial, licenciado en Filosofía e Letras e en Dereito e doutor en Filosofía, polo tanto un home de ampla formación académica (Prado Gómez, Antonio, *O Instituto provincial de Lugo, 1842-1975*, p. 169, nota 455).

40 José del Peso Sevillano beneficiárase dunha desas pensións por RO do 21-09-1925, o que lle permitiría estudar en Suíza Psicoloxía Experimental e da Orientación Profesional. Nesa concesión contou coa certificación positiva de Luis Soto Menor (Porto Ucha, Serafín, *La Educación Especial en la Formación de maestros y maestras en el primer tercio del siglo XX. Algunos datos referidos a Galicia*, p. 341).

Nicolás Arias Andreu⁴¹, un dos administrativos responsables da organización do Congreso, onde amosaba o mesmo espírito crítico contra as alegacións de José del Peso, asegurando que a comisión organizadora non se resentira por non contar coa participación dos dous inspectores que a integraban —en referencia a Luis Soto Menor e a José del Peso—, que as indicacións do xornal herculino estaban fundamentadas, e aínda engadía algunhas outras desafortunadas advertencias do inspector, rematando o seu escrito aseverando que a comisión organizadora, pola súa indicación, lle solicitara ao Ministerio a concesión da Cruz de Alfonso XII para quen fora o iniciador do Congreso Carlos Pardo Pallín⁴² e para a secretaria deste, Carmen Pardo Losada, que co seu intenso traballo o fixera posible.

O máis interesante destas controversias periodísticas é que, a través delas, quedan ben diferenciadas dúas ópticas ideolóxicas moi distintas entre os participantes ao Congreso, a que representaban por un lado Luis Soto Menor e José del Peso, máis próxima aos institucionistas e ás vangardas educativas, e por outro lado a máis conservadora, onde se incluían Pardo Pallín, Arias Andreu, Santiago y Charfolé e Pardo Losada, apoiados neste caso polo xornal *El Ideal Gallego*, diario que se declaraba na súa cabeceira católico, rexionalista e independente.

A estes artigos de José de Santiago y Charfolé e de Nicolás Arias Andreu uníase outro máis breve e conciliador que asinaba Antonio de Cora, dirixido aos implicados na polémica. Como director que era de *El Progreso* e como declarado amigo persoal de todos eles, advertía que asumiu a publicación dos escritos que se lle enviaran sobre determinados incidentes no Congreso Pedagóxico, aínda que na súa opinión sería mellor esquecelos. Para Antonio de Cora o que había que recordar era o brillante evento que significou unha notoria reunión na cal se pretendía mellorar a instrución española, polo que lles pedía a todos os implicados que desen por rematada a disputa e que se apoiarán

41 Nicolás Arias Andreu foi un activo funcionario de Educación que chegou a xefe de contabilidade do Ministerio, sendo recompensado en 1945 pola súa longa carreira administrativa coa Encomenda de Alfonso X o Sabio.

42 Carlos Pardo Pallín (1868-1936) era un avogado que foi secretario do Concello de Lugo e home de marcadas ideas conservadoras. Segundo parece, conseguira tamén unha subvención de 3.000 pts. para un curso de perfeccionamento.

sen máis as condecoracións solicitadas pola Comisión. E parece que foi atendida esa petición, porque nos números posteriores non se recolleron outras manifestacións nese sentido.



Fig. 13. Antonio de Cora Sabater.

As repercusións do Congreso Pedagóxico lucense recollidas polo periódico *La Provincia*, que tanta atención dedicara ao seu desenvolvemento, foron máis puntuais e breves. Menciónase unicamente a referencia que se lle dedicou nun acto que tivo lugar na Escola Normal de Santiago na honra de Nicolás Arias Andreu, ou noutra homenaxe ao mesmo personaxe en que o catedrático de instituto José María de Santiago y Charfolé o cualificaba como *alma mater* do Congreso celebrado en Lugo, talvez guiado polo apoio que lle prestara con ocasión da súa polémica con José del Peso⁴³.

Polo que respecta aos outros dous xornais locais, *El Regional* e *La Voz de la Verdad*, foron menos explícitos na información sobre o Congreso e o Certame Pedagóxico. Publicaron, iso si, referencias ao acontecemento nos días en que se desenvolveu e en certos números anteriores deron conta das inscricións de congresistas e da recepción de traballos para o Certame. Tamén recordaron brevemente as intervencións máis importantes, detectaron a afluencia de docentes e interesados á cidade nos días do Congreso e informaron sobre os resultados do Certame, pero sempre en páxinas interiores e sen dedicarlle destacadas cabeceiras, polo menos no caso de *El Regional*⁴⁴.

43 *La Provincia* do 29-11-1923 e 09-01-1924.

44 *El Regional* do 08-10, 09-10, 10-10, 11-10, 12-10 e 13-10-1923.

Non foi tanto así no diario católico *La Voz de la Verdad*, pois neste xornal dedicáraselle a primeira páxina do número de 10 de outubro ao evento educativo, e nela aparecía un gran titular onde se comentaba a sesión inaugural do Congreso Pedagóxico, cunha particular atención á Memoria lida por Carmen Pardo Losada que se incluía textualmente (*vid.* apéndice). Así mesmo, publicábase un minucioso comentario sobre a intervención de Soto Reguera en que pretendeu abordar o problema do ensino desde tres perspectivas: a individual, a social e a económica. Máis parco foi o portavoz do clero lucense sobre o resto das actividades do Congreso e do Certame, aínda que incluíría algúns comentarios ao desenvolvemento das sesións⁴⁵, destacando entre elas a intervención do seu colaborador Salgado Toimil, as exposicións dos doutores Ramírez e Núñez e a análise xeográfica de Rosario Vila. O recoñecemento do valor intelectual dos mestres non lle impedía ao xornal algunha crítica puntual sobre certos comportamentos, como a polémica motivada pola exposición sobre unha “*escuela naturalista*” de José del Peso, que, desde o punto de vista do clerical diario, foi sólida e contundentemente rebatida polo ilustrado catedrático Charfolé, quedando finalmente aprobadas as súas alegacións polos mestres asistentes. Esta referencia mereceu unha inmediata e sutil réplica no periódico de José del Peso, solicitando que se corrixisse a suposta rectificación que se lle atribuíu, xa que non a fixera e só pretendía, con sutileza, “llevar a todas partes lo que entiende es La Voz de la Verdad.” A redacción do diario católico respondería tamén de inmediato ao inspector alegando que “La Voz de la Verdad, lleva a todas partes la voz de la verdad,” e insistindo en que o eloxioso comentario á Institución Libre de Enseñanza que fixera o señor del Peso foi interrompido con fortes murmurios de desagrado por parte dos asistentes e levantou entre eles voces de protesta, ante o cal o relator admitiu que expresara o que non sentía, o que fixo cesar as reprobacións, polo que o periódico entendeu que iso implicaba unha rectificación. No mesmo número aparecía outra noticia sobre o Congreso onde se recollía o anuncio da clausura e o resultado das deliberacións do xurado do Certame, e no número seguinte⁴⁶ destacaba as intervencións a Antonio de Cora, Santiago Prol e Ricardo Núñez, ademais de recoller outra relación de inscritos.

45 *La Voz de la Verdad* do 12-10-1923.

46 *La Voz de la Verdad* do 13-10-1923.

Para pechar as súas referencias, *La Voz de la Verdad* dedicaba á sesión de clausura a mesma relevancia que á inaugural⁴⁷, ofrecendo outro gran titular na súa primeira páxina. Destacaba así á grande asistencia feminina rexistrada, o que demostraba o interese da muller polo ensino, e recollía logo o desenvolvemento da sesión, incluíndo a relación e entrega dos traballos premiados en que o único galego galardoado foi Ramón Salgado Toimil (un dos colaboradores do xornal), que, sendo tamén o único que recolleu o premio, recibiu unha ovación especial. A continuación, resumíase a conferencia de Ramón Fernández Mato, na cal, entre outras cousas, comentou a escasa atención que se poñía na elección dos ministros de Instrución Pública, pechándose as referencias co comentario das conclusións do Congreso e coas intervencións de Gerardo Doval, en que se diferenciou con claridade as distintas educacións que recibían a muller e o home, e do reitor Blanco Rivero, quen afirmou que o principal problema de España era o cultural e para solucionalo era imprescindible o labor do mestre, postulándose a favor de que o ensino primario fose efectivamente obrigatorio e non só unha recomendación no papel, aínda que sempre fóra dun modelo de instrución laico, xa que isto só significaba despegarse das ideas de amor á familia e á Patria. O reitor rematou o seu discurso, co que se pechaba a sesión e o Congreso, cunha significativa declaración de confianza cara aos poderes públicos recentemente establecidos —os da ditadura primorriverista—, agardando o éxito das súas xestións de pacificación e de reforma económica.

A revista de carácter nacional *El Magisterio Español* dedicarlle un amplo comentario ao Congreso lucense no seu número 6752, do 19 de outubro de 1923, aludindo á súa apertura, ao desenvolvemento das sesións e á composición das distintas seccións, concretando a súa composición e participantes deste xeito:

1.ª Sección: Celestino Buján (presidente) —Soto Menor (vicepresidente) —Srta. Sarry (secretaria) —Sr. Prol, mestre de Quiroga (vicesecretario). Relatores: Sr. Moltó, mestre de Vilalba, Celestina Buján, mestra de Vilalba, doutor Ramírez, médico da Coruña, e doutor Núñez, médico de Vilapedre.

47 *La Voz de la Verdad* do 14-10-1923. O mesmo número recollía unhas “Impresiones” sobre a intervención de Gerardo Doval que asinaba Rafael García Sánchez.

2.ª Sección: Bella Subirá (presidente) —Sra. Torre (vicepresidenta) —Sra. Areal, profesora da Normal de Lugo (secretaria) —Sr. Domínguez, director do Colexio Balmes (vicesecretario). Relatores: Salgado Toimil, mestre de Foz, Celestino Buján, da Normal de Santiago, Novo Rico, mestre de Ribadeo, e Sr. Salgado, mestre de Pereira.

3.ª Sección: Consuelo Barberá, profesora da Normal da Coruña (presidenta) —Carmen Pardo, directora da Normal de Lugo (vicepresidenta) —Sra. Villén, profesora da Normal de Lugo (secretaria) —Sr. del Peso, inspector de Lugo (vicesecretario). Relatores: Srta. Parga Serrano, Sr. Silva, mestre de Vilapedre, mestre de Quiroga, Rodríguez Chao, mestre de Vilardones e Cora Sabater, avogado.

4.ª Sección: Aramburo, profesor da Normal de Santiago (presidente) —Arias Andreu, xefe da sección administrativa de instrución pública de Lugo (vicepresidente) —María Páramo, licenciada (secretaria) —Enrique Correa, mestre de Lugo (vicesecretario). Relatores: Srta. Castrillón, mestra de Navia de Suarna, José María González, mestre de Cea, Ourense, Sr. Tevar, mestre de Vilarhermide, e Srta. Vila, profesora da Normal de Lugo.

A crónica da revista educativa pormenorizaba ademais todas as conclusións (apéndice 2) e finalizaba cunha detallada referencia sobre a sesión de clausura e sobre o banquete con que remataba un Congreso que cualificaba de “lucidísimo”.

Como queda dito, o Congreso Pedagóxico lucense de 1923 coincidiu cun momento histórico moi significativo na historia de España: o da instalación da ditadura do xeneral Miguel Primo de Rivera, e sen dúbida esta circunstancia influíu considerablemente no seu desenvolvemento ao reforzar o ideario conservador do cal xa partira. Desde a instalación do proxecto pedagóxico da ILE, en 1876 sucedéronse en España diversas iniciativas progresistas, como as que representaron os rexeneracionistas, a Junta para Ampliación de Estudios ou o Instituto-Escuela, pero o Directorio Militar que gobernaría o país desde setembro de 1923 ata decembro de 1925 non permitía manifestacións radicais e controlaría calquera intento en que se tratase de enxalzar innovadoras experiencias educadoras como a que representaba a ILE, preferindo un modelo de ensino conservador. Isto explicaría a mediatización que sufriron os que trataron de recordar os institucionistas e de gabar as súas propostas durante o Congreso lu-

cense, e, así mesmo, as rápidas e repetidas respostas dos seus colegas máis tradicionais, que dentro deste evento foron as voces e plumas dominantes. Non hai dúbida de que, malia as relevantes iniciativas renovadoras dos inspectores José del Peso e Soto Menor, no Congreso se impuxeron as orientacións de oradores e publicistas máis reaccionarios, que amosaron categoricamente a súa proximidade ás directrices pedagóxicas da Igrexa católica, gran dominadora neses momentos do ámbito docente.

Porén, non por iso o Congreso pode considerarse unha experiencia pedagóxica fracasada, xa que serviu para coñecer a realidade educativa de España e de Galicia e para planear posibles solucións para melloralas. Debateuse nel o tema da coeducación e do acceso da muller ao ensino, tratouse de mellorar a formación dos mestres mesmo facilitando estancias no estranxeiro, de facilitar a pedagogía na aula, de darlle á carreira de Maxisterio categoría universitaria, de mellorar as condicións económicas e o prestixio social do profesorado, de que a Inspección fose un corpo menos burocrático e máis pedagóxico, e mesmo de que se lles concedesen aos docentes certas oportunidades políticas. Ademais, foi un evento que lle deu á cidade de Lugo unha vitalidade social que ben necesitaba e, aínda que só fose por iso, merece, un século despois, este exercicio de memoria⁴⁸.

48 *La Escuela Moderna. Revista Pedagógica y Administrativa de Primera Enseñanza* n.º 387, do decembro de 1923, pp. 924-939 (continuaría no número seguinte), dedicaba atención ao Congreso ao reproducir o traballo *Concepción Arenal en el aspecto Pedagógico* da autoría do inspector ferrolán Luciano Seoane Seoane, e, como este traballo non recibira distinción ningunha, a revista solicitaba dos organizadores do Congreso que remitisen o traballo premiado para a súa publicación.

APÉNDICE 1: Memoria presentada na inauguración do Congreso Pedagóxico de Lugo o 9 de outubro de 1923 pola súa secretaria, Carmen Pardo Losada

Señoras y señores: El cumplimiento de una obligación anexa al cargo con que inmerecidamente se me ha honrado, me obliga a molestar vuestra atención breves instantes para daros cuenta de cómo se generó este Congreso.

Unas cuantas personas de esta vieja ciudad, llenas del sentimiento profundo de lo apremiante que era fomentar el entusiasmo pedagógico, lo mismo entre los maestros que las personas ajenas al magisterio, acordamos celebrar esta asamblea, encontrando eco nuestro llamamiento en las esferas oficiales, así como en las particulares, en forma tan expresiva, que desde el primer instante nos hizo concebir las más risueñas esperanzas.

El resultado de nuestras gestiones y propaganda, helo aquí en la sala, en donde nos acompañan para desarrollar la tarea todos estos beneméritos amadores de la Santa, la pura Pedagogía, que debe ser para profesionales y no profesionales de la enseñanza, un dogma, si queremos cimentar sólidamente el verdadero renacimiento de la grandeza de nuestra Patria, tan digna de mejor suerte que la que le ha deparado todo un siglo de abandono, desgobierno y menos precio de la educación. Toda la obra de prepotente cultura y prosperidad germanas, se elevó, según frase ya tan repetida, sobre la piedra angular del maestro de escuela, de igual modo que la de salvación de la Francia de nuestros días se incubó en las aulas de sus institutos de segunda enseñanza, la de nuestra reconstitución y desenvolvimiento, ha de levantarse sobre toda la instrucción pública, desde la escuela de párvulos a la universidad, en cooperación con el hogar, en donde se fraguan los caracteres, porque en él tiene su templo la voluntad y su santuario el sentimiento.

Para acometer la árdua tarea hemos acudido a todos, sacerdotes o simples creyentes de esta nuestra religión de la Pedagogía, y muy principalmente al magisterio primario, que es el más en contacto con el objeto de nuestra investigación y al que es preciso oír con más atención, y agrupándolos de la mejor manera que Dios nos ha permitido hacerlo, hemos hecho el

nombramiento de las diversas ponencias. A todos les pedimos que nos ayuden; de todos esperamos socorro para salir de este peligroso desfiladero en que nos hemos metido, no por nuestra vanidad, sino por nuestro buen deseo de aprender.

De la experiencia del más modesto de los maestros primarios, esperamos tener mucho que guardar en nuestra memoria, pues ella nos mostrará con toda la frescura de esa clara fuente de la naturaleza humana, la limpia imagen del alma infantil, no siempre bien reflejada en los demasiado empañados, por muy manoseados, espejos de las síntesis librescas. Sí; el maestro de aldea, sin muchos textos, nos habla de su labor oscura, pero fecunda, con el verdadero material con el niño; y nos expondrá, sencilla y llanamente las dudas que no pueden resolver por falta de medios, las deficiencias que hay que corregir, las dificultades que hay que vencer; nos pintará con vivos colores el ambiente, generalmente poco favorable, en que se desarrolla la educación, la influencia del medio, y otros muchos factores que hacen que su ciencia sea una cosa en los libros y otra en el gran laboratorio, que es la escuela.

Nos hemos dirigido también a los médicos, para que ellos nos indiquen la manera de plantear los problemas fundamentales de las anormalidades infantiles, así como hemos llamado a las puertas de los psicólogos para que ellos nos hagan la misericordia de una limosna de su peculiar experiencia sobre la manifestación funcional de todas las facultades; y, en fin, hemos suplicado a los depuradores de su propio espíritu, los padres, para que nos relaten sus tiernas emociones ante el sorprendente espectáculo de la formación del hombre con las temblorosas e inseguras pisadas de la infancia y los insospechados cambiantes de ese arco iris de la adolescencia.

En tan buena compañía, venimos aquí a daros cuenta de los preliminares de esta gran fiesta del espíritu, que para mayores auspicios de éxito, porque todos la pusieron bajo su amparo, va a celebrarse entre los días de la conmemoración del Santo Patrono de los lucenses y el del descubrimiento de América, la fiesta de todos los hispanos, de la raza, la fiesta que hoy ya más de ciento treinta millones de hombres, en siglo venideros, es bien seguro, de miles de millones,

de nuestra estirpe. Única a quien el creador concedió por sus virtudes el premio de mostrar a la Humanidad el prodigio de la unidad del Globo.

Los temas que van a ser expuestos ya los conocéis, pues están en los programas que os hemos dirigido con nuestra circular, temas que hemos procurado que fueran aquellos que más honda preocupación mantienen en las mentes y en las conciencias de los hombres actuales, sometiendo a vuestro elevado juicio el estudio del niño en su aspecto normal y anormal, que es lo que integra la primera sección; la manera de formar el maestro y el estudio de la escuela en la parte de organización interna, objeto de la segunda; y en la tercera se investigará el papel que a la madre toca desempeñar y su influencia en la educación primaria; y por último en la cuarta no podemos dejar de ocuparnos de la formación del niño como ser social y ciudadano.

Teniendo en cuenta que podríamos dejar de tratar algunos problemas de capitalísimo interés, hemos puesto en la cuarta sección también una parte dedicada a aquellos asuntos generales que pudieran ser presentados a la Mesa con veinticuatro horas de anticipación, y que ella podrá acordar, cuando lo crea pertinente, dignos de deliberación.

El número de adheridos a nuestra empresa ha sido el de 600, prueba bien elocuente del interés que tiene para todos.

Este es el plan que sometemos a vuestra consideración.

Para terminar, para agradecerlos, como yo sé agradecer los favores recibidos, os doy rendida las más sentidas gracias por vuestra benevolencia, y os pido perdón, si es que he traspasado el límite de vuestra paciencia, que no de vuestra atención, que esta ya he visto con cuanta generosidad me la habéis otorgado.

La Voz de la Verdad, 10 de outubro de 1923

APÉNDICE 2. Conclusións do Congreso Pedagóxico de Lugo de 1923

1ª. Es necesario que las Escuelas de párvulos, siempre regidas por Maestras, se establezcan en todos los Municipios, y, a ser posible, en todos los pueblos donde haya Escuelas de niños y no de niñas.

2ª. Para el nombramiento de Vocales femeninos de las Juntas municipales y provinciales, debe cumplirse estrictamente el Estatuto.

3ª. Las Asociaciones que se dediquen a socorrer pobres, deben consignar en sus reglamentos la obligación por parte de los socorridos de enviar sus hijos a las Escuelas públicas.

4ª. Que se debe hacer una revisión de valores en el Profesorado de Escuelas Normales, a la vez que en el resto del personal docente.

5ª. Que en la formación del futuro Profesorado se tienda a una mayor especialización inicial en las materias de cuya enseñanza haya de encargarse, y un mayor conocimiento de la realidad de la Escuela primaria.

6ª. Que se establezcan entre estos funcionarios nutridos turnos para ampliar estudios en el extranjero.

7ª. Crear internados para estudiantes normalistas en las capitales de provincia donde existan estas Escuelas.

8ª. Refundir inmediatamente las Normales de Maestros y de Maestras.

9ª. Preparar el terreno para la fusión ulterior de Institutos y Normales.

10ª. Dar a la carrera del Magisterio carácter universitario, creando Facultades de Pedagogía, cuyos licenciados puedan tener acceso a las cátedras de Instituto, al menos a las de los primeros cursos del Bachillerato, y cuyos doctores puedan opositar a las cátedras de aquellas Facultades.

11ª. Organizar frecuentes excursiones de estos Maestros a Escuelas y otros centros de enseñanza del extranjero.

12ª. Remunerar a estos funcionarios con sueldos en armonía con las elevadas cualidades integrales que deben exigírseles.

13ª. Rodearlos de todo el prestigio oficial indispensable al desempeño de su altísima misión.

14ª. Que se suprima la Escuela Superior del Magisterio, creándose, en sustitución de ella, la Facultad de Pedagogía en las Universidades.

15ª. Que la Inspección profesional sea menos burocrática y mucho más pedagógica.

16ª. Que en cada provincia se creen Escuelas-modelo, cuyo Profesorado debe seleccionarse entre todos los Maestros.

17ª. Que se conceda al Magisterio primario posesión de todos los derechos políticos, representación en el Senado, y una mayor intervención en juntas que se refieran a la infancia y a la cultura y educación popular.

El Magisterio Español, n.º 6752 do 19 de outubro de 1923, p. 178.

Bibliografía.

Bello Trompeta, L., (1929), *Viaje por las escuelas de Galicia*, edición e estudo de Antón Costa, Pontevedra, Edicións Nigra Trea, 2010.

Costa Rico, A., (2004), *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo. Edicións Xerais, pp. 979-980.

El Magisterio Español, n.º 6752 de 19-11-1923, pp. 177-178.

La Escuela Moderna. Revista Pedagógica y Administrativa de Primera Enseñanza n.º 387 de decembro de 1923, pp. 924-939.

Lugo XX. Historia de un siglo (1999). El Progreso de Lugo S.L. Año 1923, pp.385-400. Lugo.

Porto Ucha, S., (2009), *La Educación Especial en la Formación de maestros y maestras en el primer tercio del siglo XX. Algunos datos referidos a Galicia*. XV Coloquio de Historia de la Educación, Pamplona-Iruñea, 29, 30 de xuño e 1 de xullo de 2009 / coord. por María Reyes Berruezo Albéniz, Susana Conejero López. Vol. 1, pp. 335-344.

Prado Gómez, A., (2013), *O Instituto provincial de Lugo, 1842-1975*. Lugo. Deputación provincial.

Seijas Soto, M. D., (2009), *El maestro de Zaín*. San Lorenzo del Escorial, Madrid. Ediciones Libertarias.

Sisto Edreira, R., (2012), "Luis Blanco Rivero", en Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega. [lectura:18/06/2021][URL:<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=323>]